As Caixas en CSS


Sumario


- 1 Introdución
- 2 Área de Contido
- 3 Marxes
- 4 Bordes
    - 4.1 *border-style*
    - 4.2 *border-width*
    - 4.3 *border-color*
    - 4.4 *border*
- 5 Recheo

Introdución

Todos os elementos dun documento, tanto a nivel de bloque como en liña, xeran unha caixa rectangular chamada "caixa do elemento".

A figura seguinte mostra todas as áreas e límites definidos polo modelo de caixas CSS:





Área de Contido

- O tamaño da área de contido especifícase coas propiedades *width* e *height*.

```
div#cabeceira {width:100px; height:200px; }
```

- Son interesantes as propiedades *max-width*, *max-height*, *min-width* e *min-height*, que nos permiten axustar as alturas e anchuras máximas e mínimas de elementos de bloque.

Marxes

- Cantidade de espazo que pode engadirse ao redor do bordo do elemento.
- Configurase coa propiedade ***margin***.
- Os valores da propiedade *margin* sempre deben ir na seguinte orden:

```
div {margin: top right bottom left}
```

- Exemplo:

```
.imaxe {margin: 3px 20px 3px 20px; }
```

  Se falta un valor asúmese que é o valor da marxe esquerda. Así, sería equivalente ao anterior:

```
.imaxe {margin: 3px 20px 3px; }
```

  Se só se proporcionan dous valores... Serían o superior e o inferior e o dereito e o esquerdo. Así, o exemplo anterior:

```
.imaxe {margin: 3px 20px; }
```

  Por último, se só damos un valor... Sería a mesma marxe para todos os lados. Exemplo:

```
.imaxe {margin: 20px; }
```

- Saber que **colapsan as marxes *top* e *bottom* de dous elementos seguidos...** É dicir a suma das dúas marxes será o mais grande. Exemplo:

```
h1#titulo1 {margin: 10px 20px 10px 20px; }
h1#titulo2 {margin: 20px; }
```

  Se estes dous elementos se colocan seguidos, a suma das marxes será 20px.

- **Non colapsan *right* e *left*.**

Bordes

Un bordo é unha liña debuxada ao redor da área de contido dun elemento e o seu recheo (este, vimos que era opcional).

border-style

- **O estilo** é a cualidade mais importante do bordo, pois, se non está especificado o bordo non existe.
- Para configurar o estilo do bordo temos a propiedade *border-style*.
- A propiedade *border-style* poderá ter os valores: *none*, *doted*, *dashed*, *solid*, *double*, *groove*, *ridge*, *inset* e *ouset*.
- Poderemos configurar o estilo de cada un dos lados (empregar a secuencia de sempre: *top*, *right*, *botton* e *left*):

```
.imaxe {border-style: solid dashed dotted double; }
```

border-width

- **O grosor** do bordo especifícase coa propiedade *border-width*.
- Podemos especificar o grosor de cada un dos lados da caixa.

- Os valores que pode tomar esta propiedade son: *thin*, *medium*, *thick*, *inherit* ou un valor en píxeles.
- Se non se especifica o valor tomado é *medium*.

```
div {border-style: solid; border-width: thin medium thick 12px; }
```

border-color

- **A cor** do bordo especifícase coa propiedade *border-color*.
- Se non especificamos a cor o elemento collerá a cor do "'primeiro plano"', é dicir que se, por exemplo tempos unha caixa de texto a cor collida polo bordo é a cor do texto.
- Existe a cor *transparent* pero non está soportada por todos os navegadores (IE v.6).

```
div.conclusion {border-style: solid;
     border-width: 4px;
     border-color: #333 #666 #AAA #DDD; }
```

border

- A propiedade *border* une todas as propiedades **border** vistas ata o de agora.
- Non hai que colocar os valores en ningún orde concreto.
- A propiedade *border* emprégase cando se queren configurar os catro lados por igual.
- Tamén temos as propiedades: *border-top*, *border-right*, *border-bottom* e *border-left*.
- Algúns exemplos válidos son os seguintes:

```
h1 {border: .5em solid blue; }
h2 {border-left: solid blue .5em; }
h3 {border-right: solid .5em; }
```

Recheo

O recheo é unha cantidade opcional de espazo entre a área de contido dun elemento e o seu bordo.

- É interesante colocar recheo cando poñemos bordo a un elemento.
- Para configurar o recheo empregamos a propiedade ***padding***.
- Para pasarlle os valores emprega a mesma filosofía que coa propiedade *margin*.
- **O valor de recheo sumarase ao *width* definido no elemento pola dereita e pola esquerda.**

```
h2#antetitulo {padding: 4px; }
```

- A cor do recheo é a mesma que a cor da área de contido.

```
h2#antetitulo {padding: 4px 10px; background: #ccc; }
```

- **O recheo nunca colapsa.**

--Manuel Vieites e -- Rafael Veiga feb 2008